

Documentación que se ten que achegar:

- 1. IMPRESOS CORRECTAMENTE CUBERTOS** (e con letra clara). **Débenos presentar ambos/as os/as contraentes.** [SOLICÍTANSE NO REXISTRO CIVIL DE SANTIAGO.]
- 2. ORIXINAL E FOTOCOPIA DO DNI de cada contraente.** Se for o caso, pasaporte ou tarxeta de residente. [FOTOCOPIAR EN FOLLA ENTEIRA, SEN RECORTAR A FOTOCOPIA.]
- 3. CERTIFICACIÓN LITERAL DE NACEMENTO de cada contraente.**
[CADUCA AOS 6 MESES. EXPÍDEA O REXISTRO CIVIL.]
- 4. CERTIFICADO/S DE EMPADROAMENTO de cada un/unha dos/as contraentes.**
[CADUCA AOS 3 MESES. SOLICÍTASE AO CONCELLO EN QUE FIGURE EMPADROADO/A.]

Outros documentos:

- **Se algún/algunha contraente estivo casado/a anteriormente:**
 - Certificación literal do anterior matrimonio, en cuxo documento deberá constar a súa disolución por **divorcio**.
- **Se algún/algunha contraente está viúvo/a:**
 - Certificación literal do seu anterior matrimonio e mais certificación literal de defunción do/a cónxuxe falecido/a.
- **Se un/unha dos/as contraentes está entre os 16 e 18 anos:**
 - Emancipación por parte dos/as pais/nais. [DEBE CONSTAR NA ACTA DE NACEMENTO.]
- **Se concorre algún impedimento:**
 - A correspondente dispensa. [TRAMÍTASE NO REXISTRO CIVIL DO DOMICILIO DO/A IMPEDIDO/A.]
- **Contraente estranxeiro/a:**
 - Certificación na que conste que reúne os requisitos para contraer matrimonio e que non existe impedimento ningún. [DEBE CONSTAR O ESTADO CIVIL.]

Outros requisitos:

- **Dúas testemuñas.** [PODEN SER AS MESMAS DA VODA.]
- **Os documentos estranxeiros deberán estar legalizados (*), e se for o caso, traducidos ao castelán.**

* 3 formas de legalización:

- Mediante a apostila da Haia. [A APOSTILA DA HAIA FAISE NO PAÍS DO DOCUMENTO.]
- Por parte do consulado español no país do documento.
- Por parte do consulado do dito país en España máis o Ministerio de Asuntos Exteriores de España, sección de legalizacións.

* Non necesitan legalización os documentos expedidos por un país membro da Unión Europea (Regulamento sobre documentos públicos –UE 2016/1191– desde o 16 de febreiro de 2019), Suíza, Rusia ou Turquía.

NOTA: O expediente será tramitado polo rexistro civil do domicilio de empadramento dun/dunha dos/as contraentes, e o matrimonio celebrárase en calquera rexistro civil, notaría ou concello da súa escolla.